

 GOBIERNO DE ESPAÑA	MINISTERIO DE INCLUSIÓN, SEGURIDAD SOCIAL Y MIGRACIONES	SECRETARÍA DE ESTADO DE LA SEGURIDAD SOCIAL Y PENSIONES  INSTITUTO SOCIAL DE LA MARINA	SECRETARÍA DE ESTADO DE LA SEGURIDAD SOCIAL INSTITUTO SOCIAL DE LA MARINA  SUBDIRECCIÓN GENERAL DE ACCIÓN SOCIAL MARÍTIMA
POLÍTICA DE CALIDAD DE LA SUBDIRECCIÓN GENERAL DE ACCIÓN SOCIAL MARÍTIMA			Rev: 11 Fecha: 24.10. 2025

O Instituto Social da Marina, adaptándose as necesidades de calidade e de produtividade demandadas por unha sociedade e un entorno cada vez máis esixente e, nalgúns facetas, globalizado, iniciou unha acción de progreso co desenvolvemento e implantación dun Sistema de Xestión da Calidade na Área de Acción Social Marítima e na Área de Sanidade Marítima. Así, a calidade convértese nun elemento estratéxico da organización, eixo da súa xestión e marco para a definición e despregamento de obxectivos dirixidos á mellora da calidade do servizo prestado.

O Subdirector Xeral de Acción Social Marítima manifesta expresamente o seu compromiso fundamental de cumprir cos requisitos e mellorar continuamente o Sistema de Xestión da Calidade co fin de lograr o cumprimento dos seguintes obxectivos xerais:

- Enfocar á Subdirección cara a consecución da satisfacción do cliente, tanto interno (persoas traballadoras e colaboradoras) como externo (persoas usuarias y beneficiarias) e demais partes interesadas.
- Cumprir os requisitos legais, regulamentarios e outros requisitos aplicables no desenvolvemento dos nosos servizos.
- Dotar dos recursos humanos e técnicos necesarios para o funcionamento do sistema, e manter constantemente actualizada a súa competencia.
- Fomentar a implicación e colaboración de todos os niveis á consecución dos obxectivos, para que se materialice na adopción dun compromiso por mellorar a calidade, fomentando a comunicación e el traballo en equipo.
- Promover a participación e responsabilidade do persoal no funcionamento do Sistema de Xestión e o desenvolvemento de esta cultura na organización.
- Proporcionar ás persoas que integran o sector marítimo e seus beneficiarios unha asistencia sanitaria preventiva dentro dos compromisos de calidade marcados dende o Instituto Social da Marina. Ofrecer cursos de especialidade marítima con un interese particular nos cursos de alta especialización, dentro do Plan Anual de Formación Profesional Marítima e Sanitaria do Instituto Social da Marina. Esta oferta formativa inclúe os cursos de especialización obrigatorios para o desenvolvemento da actividade profesional a bordo, así como aqueles cursos que poidan completar a formación profesional marítima. A través de estudos de detección de necesidades formativas e empregabilidade dos alumnos asistentes, determinarase a influencia da cualificación e competencia profesional adquirida na formación e a súa incidencia no mantemento e inserción laboral no sector marítimo pesqueiro.
- [Proseguir coa adecuación do Instituto de Formación Profesional Marítimo-Pesqueira \(IFPMPLPGC\) de Las Palmas, axustando a súa distribución e ensinanzas dacordo a Lei Orgánica de Educación e coas directrices do Plan de Formación Profesional Marítima.](#)
- Ofrecer e coordinar o aloxamento dos traballadores do mar en tránsito nas hospedaría das Direccións Provinciais de Ceuta e Melilla e dos alumnos asistentes a cursos de formación que, de acordo coa lexislación aplicable teñan dereito a iso, nas residencias dos CNF, de acordo cos estándares establecidos.
- Regular a concesión de prestacións asistenciais en atención as situacións especiais derivadas do traballo no mar para as persoas traballadoras y beneficiarias del Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar, establecendo así mesmo determinados servizos a ditas persoas.
- A través do Centro Radio Médico, proporcionar asistencia médica os tripulantes enfermos ou accidentados mediante tele mención.
- Prestar cos Buques Asistenciais, asistencia sanitaria in situ a calquera barco que o solicite y se encontre dentro da súa área de cobertura, facilitando a consulta médica por radio, a consulta ambulatoria no buque do doente ou no Buque Asistencial, a hospitalización a bordo do Buque Asistencial cando así se prescriba e, se a gravidade do caso o require, xestionar a evacuación a terra do doente polo medio mais axeitado e rápido posíbel.

O Subdirector Xeral de Acción Social Marítima definiu esta Política de Calidade e asegúrase de que sexa entendida e aplicada por todas as persoas da organización relacionadas coas actividades formativas e de Sanidade Marítima do ISM mediante un adecuado plan de comunicación interna e motivación cara á calidade na xestión. Así mesmo, mediante a revisión periódica do funcionamento do Sistema de Calidade e o concurso de auditorías internas e externas verifica que o mesmo se mantén actualizado e mellora decote a súa eficacia e é axeitado.

O Subdirector Xeral de Acción Social Marítima

Fdo. José María Pérez Toribio